



A stylized, painterly portrait of a man's face occupies the center of the poster. He has short, wavy white hair and a serious expression. He is wearing a light-colored shirt under a dark blue jacket with a high collar and a visible zipper. The background behind him is a warm, yellowish-orange gradient.

VI
**CERTAME
DE DEBUXO E
POESÍA
AVELINO DÍAZ**

Tomás

Os **CONCELLOS DE RIOTORTO E MEIRA**, en colaboración coa **ASOCIACIÓN CULTURAL AVELINO DÍAZ**, convocan o **VI CERTAME DE DEBUXO E POESÍA AVELINO DÍAZ**, co fin de honrar ó Poeta de Meira, de dar a coñecer a poesía de Avelino e de fomentar a creatividade e o gusto pola poesía.

B A S E S

PRIMEIRA: Poderán participar todos os autores e autoras que o desexen cunha única obra.

SEGUNDA: Establécense as seguintes categorías:

- A) De 3 a 8 anos.
- B) De 9 a 12 anos.
- C) De 13 a 17 anos.
- D) De 18 anos en adiante.

TERCEIRA: Na categoría **A** só se poderá participar na modalidade de debuxo, e nas categorías **B, C e D**, só na modalidade de poesía.

CUARTA: Os debuxos serán de formato e temática libre.

QUINTA: Os poemas presentaranse escritos en lingua galega. Terán una extensión mínima de oito versos e máxima de oitenta versos. Presentaranse escritos a ordenador, a dobre espazo, por una soa cara, con tamaño de letra 12, tipo Arial. Poderán estar ilustrados con debuxos. Deberán ser orixinais, inéditos e non premiados en ningún outro concurso ou certame literario. Serán de temática e métrica libre.

SEXTA: O prazo de entrega remata o **17 de maio de 2023**. Os traballos enviaranse por triplicado (agás os debuxos, dos que se remitirá un único exemplar), sen firma e en sobre pechado. No exterior do mesmo constará un lema e a categoría á que se presentan. En sobre separado, tamén pechado, constará o lema que identifique o traballo e a categoría e, no seu interior, os datos do autor/a: nome, apelidos, idade, enderezo electrónico, número de teléfono, así como o seu enderezo postal completo. O envío remitirse á **ASOCIACIÓN CULTURAL AVELINO DÍAZ. CENTRO SOCIO-CULTURAL. Rúa Federico González, s/n. 27240 Meira (Lugo)**.

Só se abrirán os sobres dos traballos premiados. Conforme o disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os datos serán tratados de forma confidencial.

Os centros educativos poderán enviar os traballos nun único sobre ou en varios.

SÉTIMA: Establécense tres premios por cada categoría de participación:

Categoría A

Primeiro premio: Diploma, figura conmemorativa e lote de libros.

Segundo premio: Diploma e lote de material escolar.

Terceiro premio: Diploma e lote de material escolar.

Categoría B

Primeiro premio: Diploma, figura conmemorativa e libro electrónico.

Segundo premio: Diploma e lote de material escolar.

Terceiro premio: Diploma e lote de material escolar.

Categoría C

Primeiro premio: Diploma, figura conmemorativa e tableta.

Segundo premio: Diploma e lote de material escolar.

Terceir- ño premio: Diploma e lote de material escolar.

Categoría D

Primeiro premio: Diploma, figura conmemorativa e 300 euros.

Segundo premio: Diploma e 200 euros.

Terceiro premio: Diploma e 100 euros.

Poderanse conceder accésits.

Os/as autores/as premiados/as convocaranse ao acto de entrega de premios, o día 16 de xuño de 2023, ás 19 horas, no Centro Sociocultural “Avelino Díaz” en As Rodrigas (Riotorto).

OITAVA: O Xurado será designado polas institucións que convocan o certame. Actuará de secretario/a un directivo da Asociación Cultural *Avelino Díaz*, con voz pero sen voto. O Xurado emitirá o seu fallo na primeira semana de xuño do 2023

O fallo comunicaráselles directamente aos interesados e interesadas, e publicarase na páxina web (www.poetaavelinodiaz.gal) e nos perfís de Twitter e Facebook da Asociación. O Xurado pode declarar desertos algúns dos premios, así como rexeitar os traballos que non se axusten ás presentes bases.

NOVENA: As obras premiadas neste Certame quedarán en propiedade das institucións convocadoras, reservándose estas, en exclusiva, o dereito a editar as obras premiadas e tamén os accésits, se o Xurado os concedese.

As obras non premiadas non serán devoltas, podendo os interesados recollellas na sede da Asociación no prazo dun mes despois da proclamación das persoas premiadas. De non ser así, serán destruídas.

DÉCIMA: A participación neste Certame implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

UNDÉCIMA: As institucións convocadoras son competentes para resolver todas as cuestións que poidan xurdir de cara á interpretación das presentes bases.

CONVOCAN



Concello
de Meira



Concello
de Riotorto

COLABORA

Avelino Díaz
ASOCIACIÓN CULTURAL